

I. A Axencia Tributaria

I. A Axencia Tributaria

1. Misión

A Axencia Tributaria, creada pola Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 1991, constituíuse de maneira efectiva o 1 de xaneiro de 1992. Está configurada como unha entidade de dereito público adscrita ao Ministerio de Economía e Facenda a través da Secretaría de Estado de Facenda e Orzamentos. Como tal entidade de dereito público, conta cun réxime xurídico propio distinto ao da Administración Xeral do Estado que, sen menoscabo dos principios esenciais que deben presidir toda actuación administrativa, confírelle certa autonomía en materia orzamentaria e de xestión de persoal.

A Axencia Tributaria ten encomendada a aplicación efectiva do sistema tributario estatal e aduaneiro, así como daqueles recursos doutras Administracións Públicas nacionais ou da Unión Europea cuxa xestión se lle encomende por lei ou por convenio.

Polo tanto, corresponde á Axencia Tributaria aplicar o sistema tributario de tal forma que se cumpra o principio constitucional en virtude do cal todos han de contribuír ao sostemento dos gastos públicos de acordo coa súa capacidade económica. Por iso, non ten competencias para a elaboración e aprobación de normas tributarias nin, na vertente do gasto público, para asignar os recursos públicos entre as diversas finalidades.

A xestión integral do sistema tributario estatal e aduaneiro materialízase nun amplo conxunto de actividades, entre as que se contan:

- A xestión, inspección e recadación dos tributos de titularidade estatal (Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas,

Imposto de Sociedades, Imposto sobre a Renda de Non Residentes, Imposto sobre o Valor Engadido e Impostos Especiais).

- A realización de importantes funcións en relación cos ingresos das Comunidades Autónomas e Cidades con Estatuto de Autonomía, tanto no que se refire á xestión do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, como á recadación doutros ingresos das devanditas Comunidades, xa sexa por disposición legal ou mediante os correspondentes convenios de colaboración.
- A recadación de ingresos propios da Unión Europea.
- A xestión aduaneira e a represión do contrabando.
- A recadación en período voluntario das taxas do Sector Público Estatal.
- A recadación en vía executiva de ingresos de dereito público da Administración Xeral do Estado e dos Organismos Públicos vinculados ou dependentes dela.
- A colaboración na persecución de determinados delitos, entre os que destacan os delitos contra a Facenda Pública e os delitos de contrabando.

O obxectivo esencial da Axencia Tributaria é o fomento do cumprimento polos cidadáns das súas obrigas fiscais. Para iso desenvolve dúas liñas de actuación: por unha parte, a prestación de servizos de información e asistencia ao contribuínte para minimizar os custos indirectos asociados ao cumprimento das obrigas tributarias e, por outra parte, a detección e regularización dos incumprimentos tributarios mediante actuacións de control.

2. A Axencia Tributaria en cifras

Descrición da Axencia Tributaria 2005

ORZAMENTO 2005	1.203,789 millóns de euros
CADRO DE PERSOAL	
Persoas	27.226
Funcionarios	24.791
Laborais	2.435
DESPREGAMENTO TERRITORIAL	
Número de edificios	568
Superficie total	1.344.103 m ²
CENSO DE OBRIGADOS TRIBUTARIOS	
Obrigados tributarios	41.908.556
Empresarios	4.755.304
Grandes empresas	32.089
INGRESOS TRIBUTARIOS XESTIONADOS	160.705 millóns de euros (92,6%de ingresos non financeiros totais)

A Axencia Tributaria en Internet

NÚMERO DE ACCESOS a www.agenciatributaria.es	158.707.029
NÚMERO DE DECLARACIÓNS IRPF PRESENTADAS POR INTERNET	2.982.894
NÚMERO DE ALLEAMENTOS EN INTERNET	1.190 (100 por cento dos alleamentos realizados no ano)

Principais resultados

DATOS FISCAIS/BORRADOR DE RENDA	9.991.860 solicitudes
BORRADORES DE RENDA CONFIRMADOS	2.873.462 confirmados
ABOAMENTO ANTICIPADO NAIS TRABALLADORAS	617,80 millóns de euros (699.993 nais)
CONSULTAS TELEFÓNICAS ATENDIDAS	5.750.511 chamadas
CITAS PREVIAS CONCEDIDAS	3.571.966 citas
UTILIZACIÓN DE PROGRAMA PADRE (% de declaracións IRPF confeccionadas con programa de axuda)	97,1 %
SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN RÁPIDA A NON DECLARANTES	777.627 solicitudes
SOLICITUDES DE APRAZAMENTOS E FRACCIONAMENTOS	490.549 solicitudes por 2.854,95 millóns de euros
TEMPO MEDIO DE DEVOLUCIÓN	26 días
TEMPO MEDIO DE DESPACHO ADUANEIRO	25 minutos
DELITOS DENUNCIADOS	540 delitos fiscais 311 tramas de fraude no IVE 167 delitos contables 5.088 expedientes de contrabando
VALOR DE MERCADORÍAS APREHENDIDAS, DESCUBERTAS E INTERVIDAS	3.254,28 millóns de euros (o 81 % referido a estupefacientes)
EFFECTO RECADATORIO DIRECTO	4.583 millóns de euros (un 12,9% respecto a 2004)

3. Estrutura organizativa

A Axencia Tributaria estrutúrase en Servizos centrais e Servizos territoriais, e conta como órganos reitores co Presidente, que é o Secretario de Estado de Facenda e Orzamentos, o Director Xeral, o Consello Superior de Dirección, o Comité Permanente de Dirección e o Comité de Coordinación da Dirección Territorial.

Órganos reitores colexiados

Consello Superior de Dirección. Actúa como órgano de asesoramento do Presidente da Axencia e como órgano de participación das Comunidades Autónomas e das Cidades con Estatuto de Autonomía na Axencia Tributaria. Está presidido polo Presidente da Axencia e integrado polo Director Xeral e Directores de Departamento da Axencia, o Subsecretario de Economía e Facenda, outros Directores Xerais do Ministerio e os representantes das Comunidades Autónomas.

Comité Permanente de Dirección. É un órgano de asesoramento que está presidido polo Presidente da Axencia e na súa ausencia, polo Director Xeral, e está integrado por todos os Directores dos Departamentos e Servizos, os xefes dos Gabinetes do Secretario de Estado de Facenda e Orzamentos e do Director Xeral, así como polo Delegado Especial de Madrid e, a partir de 2006, tamén polo Delegado Central de Grandes Contribuíntes.

Comisión Mixta de Coordinación da Xestión Tributaria. É un órgano de participación onde están representadas de forma permanente na Axencia Tributaria todas as Comunidades Autónomas e as Cidades con Estatuto de Autonomía.

Comité de Coordinación da Dirección Territorial. É o vehículo normal de coordinación e información entre a dirección da Axencia e a súa organización territorial. Está presidido polo Director Xeral e integrado polos Directores de

Departamento e Servizo e por todos os Delegados Especiais.

Comisión de Seguridade e Control:

Ademais de elaborar os criterios e propostas de normas que aseguren que as actividades da Axencia Tributaria se axustan estritamente ás disposicións que as regulan, coordina as distintas Comisións Sectoriais de Seguridade e Control que son:

- . Comisión Sectorial de Seguridade e Control de Xestión Tributaria
- . Comisión Sectorial de Seguridade e Control de Inspección Financeira e Tributaria
- . Comisión Sectorial de Seguridade e Control de Recadación.
- . Comisión Sectorial de Seguridade e Control de Aduanas, Impostos Especiais e Vixilancia Aduaneira.
- . Comisión Sectorial de Seguridade Xeral e Xestión Económica.
- . Comisión Sectorial de Seguridade e Control de Informática Tributaria.

Servizos centrais

Os Servizos centrais da Axencia responden basicamente a un modelo de organización por áreas operativas funcionais e áreas de apoio. De forma resumida, as funcións básicas de cada Departamento e Servizo son:

Departamento de Xestión Tributaria.

Proporciona información e axuda aos contribuíntes para que poidan cumprir máis facilmente as súas obrigas tributarias. Así mesmo, realiza comprobacións extensivas con forte apoio informático para verificar, por exemplo, que non existan erros de cálculo ou discrepancias entre os datos achegados polo contribuínte na súa declaración tributaria e os que figuran na base de datos da Axencia Tributaria. Realiza tamén o control dos contribuíntes en módulos e do censo de contribuíntes. Correspóndelle igualmente a simplificación das obrigas formais dos contribuíntes.

Departamento de Inspección Financeira e Tributaria. Dirixe, planifica e coordina a inspección tributaria, estudando, deseñando e programando as actuacións e procedementos dos servizos da inspección. Tamén ten atribuídas funcións de verificación, control e prevención da fraude fiscal. Ademais, correspóndelle a xestión integral das grandes empresas.

Departamento de Recadación. Encárgase do cobro das débedas e sancións tributarias non ingresadas voluntariamente –os ingresos voluntarios realízanse a través das institucións financeiras que colaboran coa Axencia Tributaria nesta función-. Xestiona tamén o cobro dos recursos de natureza pública cuxa recadación se encomenda á Axencia Tributaria por lei ou convenio. Así mesmo, facilita aos contribuíntes o pagamento das débedas concedendo aprazamentos e fraccionamentos.

Departamento de Aduanas e Impostos Especiais. Xestiona e inspecciona os tributos e gravames que recaen sobre o tráfico exterior, os recursos propios tradicionais do Orzamento da Unión Europea, os Impostos especiais e as restitucións agrarias á exportación. A Dirección Adxunta de Vixilancia Aduaneira realiza funcións de loita contra a fraude aduaneira, represión do contrabando e do branqueo de capitais.

Departamento de Organización, Planificación e Relacións Institucionais. É un departamento horizontal encargado de coordinar a planificación das actuacións da Axencia Tributaria e das relacións xerais da Axencia coas Comunidades Autónomas e cos restantes órganos e institucións públicas, nacionais ou estranxeiras, organismos internacionais e entidades asociativas, sociais, económicas ou profesionais. A Dirección Adxunta actúa como Secretaría Permanente da Comisión Mixta de Coordinación da Xestión Tributaria.

Departamento de Informática Tributaria. É unha peza fundamental da organización e colabora con todas e cada unha das áreas operativas, ofrecendo un potente sistema informático e un amplo sistema de captación e tratamento da información ao que se incorporaron plenamente as últimas tecnoloxías da información e da comunicación.

Departamento de Recursos Humanos e Administración económica. É o responsable, por unha parte, da política de recursos humanos da Axencia Tributaria, a formación do seu persoal e as relacións laborais e, por outra parte, da xestión económico- financeira da Axencia Tributaria, a elaboración dos escenarios orzamentarios plurianuais e do Orzamento anual, a xestión de adquisicións, a xestión de inmoables, a contabilidade dos ingresos tributarios, a elaboración e execución dos plans de protección integrais e a xestión do Centro de Impresión e Ensobrado, entre outras funcións.

Servizo Xurídico. A asistencia xurídica á Axencia Tributaria desenvólvese a través dun sistema que descansa sobre un servizo xurídico de apoio interno e inmediato –o Servizo Xurídico da Axencia Tributaria e o complemento da rede xeral de Avogacías do Estado. O Servizo Xurídico da Axencia desenvolve a función de asesoramento en Dereito e a súa representación e defensa en xuízo.


Servizo de Auditoría Interna. Desenvolve as funcións de inspección de servizos e auditoría; a prevención, detección e investigación de condutas irregulares; a coordinación das accións relativas ás devanditas condutas e a avaliación dos sistemas de seguridade e control interno da Axencia Tributaria. Así mesmo, desenvolve as funcións de acción orzamentaria, análise e seguimento dos ingresos tributarios así como de control do cumprimento do Plan de Obxectivos da Axencia. Por último, leva a cabo a coordinación e desenvolvemento das funcións da Unidade Operativa do Consello para a Defensa do Contribuínte.

Gabinete do Director Xeral. Exerce funcións de asesoramento e apoio ao Director Xeral da Axencia Tributaria.

Servizos territoriais

Os Servizos territoriais reproducen no seu ámbito a organización por áreas e están constituídos por 17 Delegacións Especiais – unha en cada Comunidade Autónoma- e 51 Delegacións –normalmente, coincidentes co ámbito das provincias-, nas que se integran 239 Administracións, 36 delas de Aduanas.

SERVIZOS TERRITORIAIS	NÚM. DE OFICINAS
Delegacións Especiais	17
Delegacións	51
Administracións	203
Administracións de Aduanas	36



4. Orzamento: ingresos e gastos

A Axencia Tributaria conta cun orzamento anual propio cuxa contía inicial é aprobada

polas Cortes Xerais. Ademais, na Lei Orzamentos Xerais do Estado están previstas posibles modificacións en función da súa actividade.

Orzamento de ingresos

ESTADO DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS 2005

	PREVISIÓN DEFINITIVAS (1)	DEREITOS APLICADOS AO ORZAMENTO (2)	% (2)/(1)
Taxas e outros ingresos	26,257	26,773	101,97
Transferencias correntes	1.066,119	1.066,117	100,00
Ingresos patrimoniais	2,714	2,697	99,37
Alleamento investimentos reais	0	10	
Transferencias de capital	89,772	91,022	101,39
Activos financeiros	18,927	18,905*	99,88
TOTAL	1.203,789	1.205,524	100,14

Importes en millóns de euros.

** Aínda que pola súa natureza económica non se contabilizan como dereitos recoñecidos netos, inclúense 18,377 millóns de euros correspondentes a Remanente de Tesourería aplicados ao financiamento do orzamento*

No cadro anterior pódese observar que o 95,99 por cento do total de ingresos son transferencias; o 88,44 por cento son transferencias correntes que financian os gastos correntes (os de persoal e os de

bens e servizos) e o 7,55 por cento son transferencias de capital que financian os investimentos da Axencia Tributaria O resto de ingresos está constituído por taxas, vendas de publicacións e outros ingresos menores.

ORZAMENTO DE INGRESOS: TRANSFERENCIAS 2005

	PREVISIÓN DEFINITIVA (1)	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS (2)	% (2)/(1)
Para gastos de funcionamento	951,636	951,636	100,00
Por participación recad. actos liquidación	42,083	42,083	100,00
Por compensación gastos outros servizos	3,332	3,332	100,00
Por premio cobranza recursos propios	67,771	67,771	100,00
Doutros Departamentos Ministeriais	62	53	85,48
De Organismos Autónomos	675	675	100,00
Do exterior	560	567	101,25
TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.066,119	1.066,117	100,00
Para financiar investimentos	41,345	41,345	100,00
Por partic.recad.actos liquidación	47,917	47,917	100,00
Doutros Departamentos Ministeriais	510	1,760	345,10
TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	89,772	91,022	101,39
TOTAL TRANSFERENCIAS	1.155,891	1.157,139	100,11

Importes en millóns de euros.

Orzamento de gastos

ESTADO DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS 2005

	CRÉDITO DEFINITIVO (1)	OBRIGAS RECOÑECIDAS (2)	% (2)/(1)
Gastos de persoal	798,724	795,663	99,62
Gastos correntes	315,927	310,310	98,22
Gastos financeiros	113	24	21,24
Investimentos	88,448	86,813	98,15
Activos financeiros	577	492	85,27
TOTAL	1.203,789	1.193,302	99,13

Importes en millóns de euros

**EVOLUCIÓN DO GASTO NO CAPÍTULO 2.
GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS**

	2004	2005	% Dif. 2005 / 2004
1. GASTOS DIRECTAMENTE RELACIONADOS COS OBXECTIVOS RECADATORIOS	100,999	107,338	6,28
1.A Campaña Renda e Patrimonio	8,617	7,866	-8,72
1.B Labores oficiais e outros impresos tributarios	13,759	14,481	5,25
1.C Campañas estratexia comunicación da Axencia, servizo telefónico de asistencia ao contribuínte, comunicacións postais, xurídicos-contenciosos, valoracións e peritaxes, custodia e depósitos, dietas e gastos de locomoción operativos.	78,623	84,991	8,10
2. GASTOS INDIRECTAMENTE RELACIONADOS COS OBXECTIVOS RECADATORIOS	173,704	187,101	7,71
2.A Gastos de funcionamento de edificios (mantemento, subministracións, limpeza, seguridade)	57,491	60,503	5,24
2.B Gastos de oficina (mantemento de mobiliario, material de oficina e comunicacións telefónicas)	19,502	19,896	2,02
2.C Arrendamento de edificios	31,156	33,928	8,90
2.D Gastos informáticos (arrendamento e mantemento de equipos, material informático non activable, comunicacións telemáticas e estudos e traballos técnicos)	47,613	53,778	12,95
2.E Outros	17,942	18,996	5,87
3. FUNCIÓN VIXILANCIA ADUANEIRA	15,226	15,871	4,24
TOTAL	289,929	310,310	7,03

Importes en millóns de euros

EVOLUCIÓN DOS GASTOS EN INVESTIMENTOS

	<i>2004</i>	<i>2005</i>	<i>% 2005/2004</i>
Edificios e outras construcións	32,020	26,003	-18,79
Maquinaria, instalacións e ferramentas	4,366	5,990	37,20
Elementos de transporte	12,426	11,066	-10,94
Mobiliario e aparellos	8,648	10,704	23,77
Equipos e aplicacións informáticas	30,176	33,034	9,47
Outro inmovilizado material	3	16	433,33
TOTAL	87,639	86,813	-0,94

Importes en millóns de euros

5. Recursos Humanos


O total de persoas ao servizo da Axencia Tributaria a 31 de decembro de 2005 era de 27.226, o que supón unha diminución respecto á mesma data do ano anterior de 189 efectivos, cunha redución do 0,22 por cento do total de persoal funcionario, e do 5,22 por cento do persoal laboral. En cifras absolutas, ao longo do ano 2005 rexístrase unha diminución de 55 funcionarios e 134 laborais. Estes datos non inclúen 1.519 laborais temporais contratados para a Campaña de Renda.

Distribución do persoal por Servizos centrais e Servizos territoriais

A cifra de persoal ao servizo da Axencia Tributaria, en comparación con outras Administracións tributarias de países membros da OCDE, está claramente por debaixo da media. Por exemplo, de acordo cos datos da OCDE de 2003, en Alemaña, o número de habitantes por cada empregado é de 665; en Reino Unido, 730; en Francia, 788 e en Estados Unidos, 2.261, mentres que en España é de 1.680.

A distribución do persoal da Axencia Tributaria a 31 de decembro de 2005 presenta as seguintes características:

RESUMO DE EFECTIVOS			
	SERVIZOS CENTRAIS	SERVIZOS TERRITORIAIS	SUBTOTALS
Persoal Funcionario	3.057	21.734	24.791
Persoal Laboral	248	2.187	2.435
TOTAIS	3.305	23.921	27.226



Persoal Funcionario
Serv. Territoriais
Persoal Laboral
Serv. Territoriais
Persoal Funcionario
Serv. Centrais
Persoal Laboral Serv.
Centrais




**Distribución do persoal por grupos
de titulación**

FUNCIONARIOS a 31/12/2005	NÚMERO	%
GRUPO A		
Inspectores de Facenda	1.540	
Superior de Vixilancia Aduaneira	188	
Superior de Sistemas e Tecnoloxías da Información	117	
Arquitectos da Facenda Pública	47	
Profesores Químicos de Aduanas	32	
Resto Grupo A	168	
TOTAL Grupo A	2.092	8
Grupo B		
Técnico de Facenda Pública	6.089	
Executivo de Vixilancia Aduaneira	407	
Xestión de Sistemas e Informática	254	
Xestión da Administración Civil Estado	142	
Resto Grupo B	215	
TOTAL GRUPO B	7.107	29
GRUPO C		
Xeral Administrativo, Esp. Axentes da Facenda Pública	4.345	
Xeral Administrativo, Esp. da Administración Tributaria	2.071	
Xeral Administrativo da Administración do Estado	428	
Técnicos Auxiliares de Informática	711	
Axentes de Vixilancia Aduaneira	1.065	
Resto Grupo C	100	
TOTAL GRUPO C	8.720	35
GRUPO D		
Xeral Auxiliar Especialidade de Administración Tributaria	6.417	
Xeral Auxiliar da Administración do Estado	252	
Resto Grupo D	163	
TOTAL GRUPO D	6.832	28
TOTAL GRUPO E	40	-
TOTAL FUNCIONARIOS	24.791	91
TOTAL LABORAIS	2.435	9
TOTAL	27.226	100



Distribución do persoal por áreas

ÁREA	NÚMERO
XESTIÓN TRIBUTARIA	6.799
INSPECCIÓN	5.006
RECADACIÓN	4.510
ADUANAS	3.618
INFORMÁTICA TRIBUTARIA	2.782
OUTRAS	4.511
TOTAL	27.226



Distribución do persoal por idades

INTERVALO DE IDADES	18-32	33-40	41-48	49-56	57-70	TOTAL
NÚMERO EFECTIVOS	879	6.101	11.927	5.948	2.371	27.226
%	3	22	44	22	9	100

A idade media do persoal da Axencia Tributaria sitúase en 45,82 anos,

correspondendo 45,65 anos ao persoal funcionario, e 47,62 anos ao persoal laboral.

Distribución do persoal por sexo

MULLERES	%	HOMES	%
14.398	52,9	12.828	47,1

6. Tecnoloxías da Información e as Comunicacions

As Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (en adiante, TIC) constitúen un factor dinamizador do cambio que se está a producir na Administración Pública. Existen dous aspectos en que as TIC contribúen a mellorar a xestión administrativa. Por un lado, permiten a participación dos usuarios no deseño das actuacións ofrecendo, ademais, a posibilidade de que comuniquen a percepción do nivel de prestación dos servizos. Por outro, establecen mecanismos de cooperación con outros axentes públicos ou privados.

Desenvolvendo o primeiro aspecto, o comportamento dos contribuíntes resulta decisivo no funcionamento dunha Administración Tributaria. A Axencia Tributaria aposta por discriminar favorablemente aos contribuíntes que queren cumprir coas súas obrigas fiscais e negativamente a quen non cumpre. Realizouse un grande esforzo na aplicación das TIC nas tarefas de asistencia como é o caso dos programas de axuda e a Oficina Virtual. O Plan de prevención da Fraude

Fiscal propón novas liñas de actuación complementarias ás xa existentes, como a oferta de servizos aos novos emprendedores e a difusión de programas de axuda para a levanza de libros fiscais.

O segundo aspecto dinamizador constitúe a posibilidade de colaborar con outros actores privados ou públicos que desexen participar na actividade administrativa segundo os principios de beneficio mutuo e confianza recíproca. Durante a Campaña do IRPF os contribuíntes poden conseguir que lles sexa confeccionada a declaración non só nas oficinas da Axencia Tributaria senón tamén en determinadas oficinas das Comunidades Autónomas e dalgunhas Corporacións Locais. Tamén existen algunhas sucursais das entidades financeiras que prestan este servizo. Esta colaboración é posible grazas á utilización dos programas de axuda que elabora a Axencia Tributaria.

En canto á rede de comunicacións, realizáronse importantes avances nos sistemas operativos e no aumento da capacidade de almacenamento. Neste sentido, cabe destacar o impulso das comunicacións sen fío ofrecidas polas operadoras de telecomunicación posibilitando o acceso remoto aos sistemas de información.

HARDWARE INSTALADO A 31 DE DECEMBRO DE 2005

	SERVIZOS CENTRAIS	SERVIZOS TERRITORIAIS(*)	TOTAL
Unidades Centrais de Proceso	2	1	3
Velocidade Proceso (MIPS)	19.993	2.633	22.626
Almacenamento en liña (GB)	204.816	7.893	212.709
Cintas/cartuchos: unidades reais	52	48	100
Cintas/cartuchos: unidades virtuais	768	512	1.280

(*) *Todo o equipamento VSE dos servizos territoriais concentrouse nunha soa CPU situada nos Servizos Centrais do DIT.*



Polo que se refire ás comunicacións dentro das oficinas da rede corporativa da Axencia Tributaria, séguese a producir como en anos anteriores un descenso das liñas punto a punto e X.25 a favor das liñas InterLan e, este ano como novidade, a favor de liñas MacroLan. Os accesos MacroLan baséanse en tecnoloxía Ethernet, proporcionando elevado ancho de banda con posibilidades de crecemento case ilimitadas, mantendo a capacidade e simplicidade da rede de área local tradicional.

En 2005, dotouse de acceso MacroLan, como liña principal, a 124 oficinas da Axencia Tributaria.

Da mesma maneira, mantívose o crecemento da capacidade das conexións a Internet para a Oficina Virtual da Axencia Tributaria. Así, durante a Campaña de Renda no 2005, a infraestrutura foi quen de soportar requirimentos de caudal de ata 300 Mbps.

LIÑAS DE TELEPROCESO 2005						
TIPO LIÑA	NÚM. DE LIÑAS			VELOCIDADE (Kbps)		
	PRINCIPAL	BACK UP	SUBTOTAL	PRINCIPAL	BACK UP	SUBTOTAL
Punto A punto	9		9	305		305
X-25	9		9	770		770
INTERLAN (*)	901	458	1.359	5.103,63	54,80	5.158,43
INTERNET	2	1	3	1.069,06	1.048,58	2.117,63
TOTAL	921	459	1.380	6.173,76	1.103,37	7.277,13

(*) Incluídas as liñas MACROLAN-MPLS

Con respecto á conectividade entre as Comunidades Autónomas e a Axencia Tributaria, mantéñense as comunicacións necesarias para ofrecer a aquelas os mesmos servizos dispoñibles na Intranet da Axencia Tributaria, o que permite aumentar o seu grao de participación na xestión dos tributos e, en particular, na Campaña de Renda.

A Axencia Tributaria segue tamén potenciando a obtención de servizos en mobilidade coa oferta de confirmación de borradores polo *Sistema de Mensaxes Curtas* (SMS) e a obtención de conectividade grazas ás instalacións das novas redes do *Sistema Universal de Telecomunicacións Móviles* (UMTS).

7. Alianzas. Relacións Institucionais

7.1. Comunidades Autónomas.

A Axencia Tributaria ten encomendada a xestión de tributos cedidos que supoñen unha importante fonte de ingresos para as Comunidades Autónomas de réxime común. Esta función cobra maior relevancia na medida en que se foron incrementando as porcentaxes de participación das Comunidades Autónomas nos tributos cedidos. O recoñecemento de que xunto ao Estado, tamén as Administracións Autonómicas son parte interesada na xestión dos tributos realizada pola Axencia Tributaria implica a necesidade de definir as relacións que establece a Axencia Tributaria coas Administracións tributarias autonómicas.

7.1.1. Comunidades autónomas de réxime común

En 2005 procedeuse ao desenvolvemento das recomendacións e medidas contidas no documento sobre o marco de relacións da Secretaría de Estado de Facenda e Orzamentos e a Axencia Estatal de Administración Tributaria coas Administracións tributarias das Comunidades Autónomas e as Cidades con Estatuto de Autonomía, aprobado na sesión da Comisión Mixta de Coordinación Tributaria do 22 de outubro de 2004.

Neste documento concréntanse máis de 60 medidas, en ámbitos tales como a coordinación normativa, a formación de funcionarios, os censos tributarios, os intercambios de información, as actuacións de colaboración en materia de control e o procedemento recadatorio. O devandito documento pode ser consultado en www.agenciatributaria.es dentro do apartado Comunidades Autónomas.

Así, durante 2005 desenvolvéronse gran parte das medidas que se contemplan no citado documento, que poden resumirse como segue:

Parte das conclusións dos grupos de traballo que se crearon no seo da

Comisión Mixta de Coordinación da Xestión foron consideradas na elaboración do Proxecto de Regulamento Xeral das actuacións e os procedementos de inspección e xestión tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos.

No ámbito da xestión, abordouse o estudo da consolidación da información censal, acordándose o procedemento para o intercambio da devandita información. Igualmente, seguiu impulsando a participación das Comunidades Autónomas na campaña do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e do Imposto sobre o Patrimonio, de maneira que esta participación sexa mellor percibida por parte dos contribuíntes.

No ámbito de recadación, abordouse durante 2005 o estudo das melloras na aplicación dos convenios asinados entre a Axencia Tributaria e as Comunidades Autónomas. Tamén se desenvolveu un procedemento normalizado para embargar devolucións xestionadas pola Axencia Tributaria.

No ámbito de inspección, puxéronse en común as mellores prácticas producidas nos Consellos Territoriais de Dirección para a Xestión Tributaria. No Plan de Control Tributario deuse prioridade á confección de dilixencias de colaboración como procedemento de coordinación, para o que se deseñou a correspondente aplicación informática, con atención especial no Imposto sobre o Patrimonio. En concreto, adoptouse o compromiso de proporcionar ás Administracións tributarias autonómicas ferramentas de selección, para o que se constituíu un grupo de traballo.

Presenza institucional

A participación das Comunidades Autónomas de réxime común e das Cidades con Estatuto de Autonomía na Axencia Tributaria realízase a través do Consello Superior de Dirección, da

Comisión Mixta de Coordinación da Xestión Tributaria e dos Consellos Territoriais de Dirección. Os dous primeiros órganos explicáronse brevemente no apartado “Estrutura organizativa”.

O Consello Territorial de Dirección é o órgano de participación da respectiva Comunidade Autónoma ou Cidade con Estatuto de Autonomía na Delegación Especial ou Delegación da Axencia Tributaria.

Coordinación entre Administracións Tributarias

O traballos de coordinación entre Administracións Tributarias desenvolvéronse en 2005 tanto en materia de información e asistencia ao contribuínte coa participación das Comunidades Autónomas e Cidades con Estatuto de Autonomía na campaña do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e do Imposto sobre o Patrimonio 2004, como en materia de control tributario (inspección, coordinación en IVE-ITP (*Imposto sobre o Valor Engadido - Imposto sobre Transmisións Patrimoniais*) recadación e aplicación dos puntos de conexión nos tributos cedidos).

Tamén se continuou coa subministración periódica de información por medios telemáticos sobre o censo de contribuíntes (mensual); o Imposto sobre o Patrimonio (anual) ; estatísticas e mostra sobre o Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas; o Censo do Imposto sobre Actividades Económicas (anual) e a situación de débedas no SIR (mensual). Respecto ao Intercambio de información censal deseñouse un procedemento para a consolidación da información censal coas Administracións tributarias autonómicas. Igualmente, adoptouse un protocolo para atender as peticións individualizadas de información estatística. Así mesmo, puideron acceder á información de contribuíntes residentes no ámbito territorial doutras Comunidades Autónomas ou a contribuíntes do seu ámbito territorial pero incluídos no Plan de Inspección da Axencia previa autorización expresa do respectivo Delegado en ambos

casos.

Co obxecto de mellorar a coordinación, mantivéronse reunións semestrais cos responsables de informática das Administracións Tributarias autonómicas.

7.1.2. Administracións tributarias forais

Durante o ano 2005 a Axencia Tributaria e as Facendas Tributarias Forais continuaron o desenvolvemento e aplicación dos intercambios masivos de información tributaria. Trátase dun sistema normalizado de remisión de información tributaria de forma periódica entre as Administracións Tributarias afectadas, que abrangue conceptos como: declaracións informativas e, en particular sobre operacións inmobiliarias, doazóns, operacións financeiras etc.

Ademais, facilitouse información por parte da Axencia Tributaria referida a tráfico de divisas, vehículos, exportacións, importacións, pagamentos do Tesouro e VIES (*Value Added Tax Information Exchange System*), en especial, durante este exercicio incentivouse o intercambio de información sobre o censo de contribuíntes e a porcentaxe de tributación no Imposto sobre Sociedades e sobre o Valor Engadido.

Tamén durante este exercicio se promoveu especialmente a constitución de dous Grupos de Traballo, un integrado por representantes das Administracións Tributarias Forais, a Axencia Tributaria e o Goberno Vasco e outro entre a Axencia Tributaria e a Comunidade Foral de Navarra, coa finalidade xeral de incentivar as relacións mutuas e coordinar as actuacións de control e colaboración tributaria, e, especialmente, fixando procedementos de mutuo acordo na área de actuacións de comprobación inspectora de entidades que tributan en volume de operacións, cambios de domicilio e ingresos en Administración no competente, así como en actuacións de loita contra tramas organizadas de fraude en IVE, acceso a bases de datos, Rexistro de Operadores Intracomunitarios e INTER (aplicación que permite tramitar as peticións individuais de información ao/do

estranxeiro).

7.2. Convenios de Colaboración

7.2.1. Colaboración social

Colaboración social para a prevención da fraude fiscal

O Plan de Prevención da Fraude Fiscal prevé a sinatura de Acordos de entendemento entre a Axencia Tributaria e as entidades representativas de diferentes sectores económicos, co fin de fomentar a colaboración social na prevención da fraude fiscal evitando así a competencia desleal que a fraude leva aparelhada.

Estes Acordos de entendemento establecen unha canle de comunicación permanente e directa entre a Axencia Tributaria e as asociacións representativas dos sectores de risco defraudatorio, que permite ao sector transmitir información á Axencia Tributaria sobre o funcionamento xeral do sector ou sobre operacións sospeitosas de fraude (especialmente tramas de IVE) e en xeral a colaborar na loita contra a fraude.

Os sectores cos que se asinaron en

2005 estes acordos son telefonía móbil,

software informático, automoción e defensa da marca.

Colaboración social para a aplicación dos tributos: Convenios de colaboración para a presentación telemática de declaracións, comunicacións e outros documentos tributarios

Boa parte do éxito da presentación das declaracións por vía telemática débese ao desenvolvemento da colaboración social na aplicación dos tributos. A Axencia Tributaria fomenta a sinatura de convenios de colaboración para a presentación das declaracións e outros documentos de natureza tributaria en representación de terceiros. As entidades que os subscriben -Administracións Públicas, entidades financeiras, asociacións e colexios profesionais, etc. ou os seus membros (colexiados e asociados) presentan telematicamente declaracións de terceiras persoas, achegando así as vantaxes das novas tecnoloxías a quen non dispón de acceso a Internet nos seus domicilios.

Os convenios de colaboración subscritos ata o 31 de decembro de 2005 pola Axencia

CONVENIOS DE COLABORACIÓN PARA PRESENTACIÓN TELEMÁTICA DE DECLARACIÓNS

	ANTERIORES A 2005	2005	SUBTOTAL
Asociacións de profesionais da xestión tributaria	214	10	(*)224
Outras entidades (asociacións empresariais, cooperativas, sindicatos, etc.)	160	56	216
Entidades financeiras	116	1	117
Comunidades Autónomas	16	-	16
Concellos e outros organismos públicos	81	1	(**)82
Empresas (exclusivamente para presentación de declaracións dos seus traballadores)	10	-	10
Asociacións do sector de automoción	1	15	16
TOTAL	598	83	681

* Deles, 6 son CONVENIOS MARCO de ámbito nacional, aos que se adhiren as Entidades Territoriais mediante a sinatura do correspondente protocolo de adhesión

** En 2003 asínase o CONVENIO MARCO coa Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), ao que se adhiren as Entidades Locais mediante protocolo



**PROTOCOLOS ADICIONAIS DE ADHESIÓN A CONVENIOS MARCO
DE COLABORACIÓN**

	ANTERIORES A 2005	2005	SUBTOTAL
Protocolos de adhesión aos seis convenios marco asinados con colexios e asociacións de profesionais	109	4	113
Protocolos de adhesión ao Convenio Marco coa Federación Española de Municipios e Provincias	110	26	136
Outros protocolos de adhesión	22	16	38
TOTAL	241	46	287

7.2.2. Subministración e intercambio de información coas Administracións Públicas

A Axencia Tributaria segue a potenciar a subministración directa de información tributaria ás Administracións Públicas co fin de evitar a emisión de certificados en papel e o desprazamento dos cidadáns ás nosas oficinas, así como de obter un importante aforro de custos e tempo na disposición da información.

Durante o ano 2005 continuouse impulsando a colaboración e intercambio de información entre a Axencia Tributaria e as Entidades Locais a partir do Protocolo e os catro Convenios de Colaboración subscritos o 15 de abril de 2003 coa Federación Española de Municipios e Provincias.

Son 816 as Entidades Locais adheridas ao Convenio de Colaboración coa FEMP para a subministración de información (a fin de evitar certificados en papel) e 364 as adheridas ao Convenio de intercambio de información e colaboración na xestión da recadación.

Durante 2005 subministráronse as Entidades Locais adheridas aos devanditos Convenios a través da aplicación de cesión de información por Internet os seguintes tipos de subministracións:

- Datos identificativos
- Estar ao corrente de obrigas tributarias
- Nivel de renda
- Información patrimonial de depósitos bancarios e fondos de investimento

Ademais, ao amparo do Convenio de intercambio e colaboración empezouse a recibir información de natureza urbanística das Entidades Locais e púxose en marcha o procedemento de colaboración na xestión recadatoria mediante embargos recíprocos entre a Axencia Tributaria e as Entidades Locais.

7.2.3. Outros convenios de colaboración

Convenio co Consello Xeral do Notariado

O 23 de xuño de 2005 asinouose o Convenio de Colaboración entre a Axencia Estatal de Administración Tributaria e o Consello Xeral do Notariado para a presentación telemática da declaración censal de alta, Modelo 036, en representación de terceiros e a asignación do NIF provisional e definitivo no proceso de creación de entidades perante notario, co obxecto de establecer un marco de colaboración entre ambos os dous entes para facilitar ás persoas xurídicas e entidades sen personalidade en proceso de constitución o cumprimento dos seus deberes censais.

Atención ás persoas con discapacidade. Convenio con CERMI (Comité Español de Representantes de Persoas con Discapacidade) – ONCE

A Comisión de seguimento do Convenio de colaboración entre a Axencia Tributaria, a Federación de Representantes de persoas con discapacidade (CERMI) e a fundación ONCE aprobou o Plan de Actuacións de asistencia ás persoas con discapacidade para o ano 2005.

As principais liñas de actuación contempladas no documento referíanse aos seguintes aspectos: mellora da accesibilidade dos edificios, mellora da accesibilidade á páxina web, servizos en Campaña de Renda para persoas con discapacidade, accións formativas de sensibilización dos funcionarios da Axencia (en base a unhas unidades didácticas elaboradas coa colaboración de CERMI-ONCE) e presentación telemática de declaracións.

Convenio co Instituto de Estudos Fiscais

En 2005, coa colaboración do Instituto de Estudos Fiscais, a Axencia Tributaria puxo en marcha o Portal de Educación Cívico-Tributaria en Internet. O Portal, dirixido a alumnos de 5º e 6º de Primaria e Educación Secundaria, ten por obxectivo a educación en valores que capaciten para o desenvolvemento dunha cidadanía activa e responsable. Ademais, os profesores dispoñen dunha área específica con contidos que apoien o seu labor, entre os que destacan as Guías didácticas.

7.3. Relacións Internacionais

A finais de 2004, por Resolución do Presidente da Axencia Tributaria do 26 de decembro de 2004 (BOE do 21 de xaneiro de 2005), creouse a Unidade de Coordinación de Relacións Internacionais. A Resolución sinala que o Grupo de Traballo, creado con este cometido en 1997 con carácter temporal, culminou a súa misión e precisase unha unidade orgánica específica que asegure a coordinación das actividades de carácter internacional da Axencia Tributaria.

A Resolución integra a Unidade no Departamento de Organización, Planificación e Relacións Institucionais e asígnalle as funcións de desenvolvemento e coordinación das relacións da Axencia con órganos e institucións estranxeiras e organismos internacionais que non estean especificamente atribuídas a outros órganos.

Coa colaboración de todos os seus Departamentos e Delegacións, a presenza internacional da Axencia intensificouse no ano 2005, grazas á participación dos seus expertos nas distintas institucións e organismos internacionais, a prestación de asistencia técnica, a realización de cursos e a atención a numerosas visitas de delegacións estranxeiras.

7.3.1. Cooperación técnica

Unión Europea

A relación coa Unión Europea foi permanente tanto na vertente aduaneira como na de tributos internos. A Axencia Tributaria participou e informou sobre aspectos que teñen incidencia xestora nos procesos de elaboración de lexislación e proxectos de Directivas para a harmonización fiscal dentro dos Grupos de Traballo do Consello da Unión Europea.

A Axencia Tributaria participa en distintos Comités de asistencia á Comisión Europea en materia tributaria e aduaneira, tanto Comités de regulamentación e de xestión como consultivos. Así mesmo, participa en grupos de traballo diversos sobre asuntos específicos.

Programa Fiscalis

A Axencia Tributaria xestiona a participación española no Programa FISCALIS da Unión Europea que ten como obxectivo fomentar a cooperación entre as Administracións Tributarias a través de accións conxuntas. O cadro adxunto resume a participación española nos distintos tipos de actividades

En paralelo co programa Fiscalis, o Departamento de Aduanas e Impostos Especiais colaborou activamente no programa da Comisión Europea Aduanas 2007 de cooperación, realizando 4 intercambios de funcionarios e participando en 8 seminarios.



PROGRAMA FISCALIS RESUMO DE ACTUACIÓN (1998-2005)									
	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	TOTAL
INTERCAMBIOS									
FUNCIÓNARIOS ENVIADOS POLA AXENCIA	40	32	40	29	39	32	33	32	277
FUNCIÓNARIOS RECIBIDOS POLA AXENCIA	37	27	32	29	41	36	34	37	273
SEMINARIOS									
ORGANIZADOS POR OUTRAS ADMINISTRACIÓN	7	9	11	14	9	5	16	14	85
ORGANIZADOS POLA AXENCIA TRIBUTARIA	0	2	1	0	2	1		1	7
SUBTOTAL	7	11	12	14	11	6	16	15	92
CONTROIS MULTILATERAIS	5	4	8	4	7	4	5	7	44

OCDE

A Axencia Tributaria participa activamente no Foro de Administración Tributaria da OCDE, formando parte do Bureau directivo e estando presente nos seus distintos Grupos de Traballo.

Durante 2005 a Axencia Tributaria participou na 68ª reunión do CFA (París, xaneiro) e no 4º Foro Global da OCDE que tivo lugar en Melbourne, os días 15 e 16 de novembro

Así mesmo, España participou con expertos da Axencia Tributaria en distintos seminarios que durante 2005 organizou a OCDE, en ocasións, en colaboración con outras Institucións como pode ser Centro Interamericano de Administracións Tributarias.

Países do Centro e Leste de Europa

A Axencia colabora intensamente no esforzo que a Administración española está realizando para que o proceso de ampliación da Unión Europea aos Países do Centro e Leste de Europa sexa un éxito.

No marco do programa PHARE, a Comisión Europea contempla a execución de programas de irmandamento cos novos Estados membros e os países candidatos á adhesión á UE.

Durante 2005 a Axencia Tributaria finalizou un proxecto de Irmandade con

Romanía titulado “Organización da rede de laboratorios de aduanas”, cuxo obxectivo foi establecer o marco lexislativo e metodolóxico, a organización e equipamento da rede de laboratorios para asegurar as medidas necesarias para unha eficaz loita contra a fraude comercial e o tráfico ilícito de determinadas mercadorías.

Por outra parte, tamén se finalizaron dous proxectos de curta duración:

- Un en Letonia, en colaboración co Instituto de Estudos Fiscais e a Dirección Xeral de Tributos, cuxo obxectivo era reforzar o departamento de política fiscal do Ministerio de Facenda.
- Outro en Romanía, co Ministerio de Finanzas Públicas para o desenvolvemento dos sistemas de intercambio de información entre países membros (VIES e SEED) e das súas oficinas xestoras (CLO e ELO), co nome de “Transposición do acervo comunitario no campo do intercambio de información de IVE e Impostos Especiais”.

Así mesmo, en 2005 a Axencia Tributaria foi elixida para dirixir tres novas Irmandades. Unha, sobre Procedemento Aduaneiro e Xestión de Fronteiras que se iniciou no mes de decembro; e outra, en materia de

fortalecemento da administración tributaria que comezará durante o ano 2006, ambas as dúas en Romanía e unha terceira con Bulgaria para a implantación do sistema Intrastat.

Durante 2005 cinco funcionarios da Axencia Tributaria colaboraron no programa CAFAO da Unión Europea nos Balcáns.

Iberoamérica

Sen dúbida, o ámbito xeográfico no que a cooperación española alcanzou a maior proxección é o iberoamericano. Este é un ámbito de actuación de especial relevancia que responde a un claro compromiso de cooperación e apoio institucional de España coas Administracións Tributarias dos países que conforman a comunidade iberoamericana.

Nesta zona, ao longo do ano 2005, desenvolvéronse 25 misións de asistencia técnica, en 11 países de Latinoamérica, en virtude de acordos bilaterais ou multilaterais en coordinación con outras institucións como a Axencia Española de Cooperación Internacional (AECI), o Banco Interamericano de Desenvolvemento (BID), o Centro Interamericano de Administracións Tributarias (CIAT), o Fondo Monetario Internacional (FMI), etc.

Durante 2005 púxose púso en marcha a execución do Acordo de asistencia á DXI de Uruguai para apoio ao proxecto FIGARI de modernización.

Especial mención merece a relación co Centro Interamericano de Administracións Tributarias (CIAT). As actuacións en colaboración abranguen múltiples aspectos: publicacións, cursos e asistencia técnica a diversos países, proxectos rexionais, difusión de mellores prácticas, concurso de monografías, etc. Ademais, a Axencia participou activamente en varios Grupos de Traballo do CIAT como os dedicados ao Intercambio de Información, á Promoción da Ética, á Actualización do Modelo de Código Tributario do CIAT e ao Control Interno da Administración Tributaria.

Así mesmo, a Axencia colaborou na posta en marcha do Proxecto EUROSOCIAL, lanzado en 2005 pola

Comisión Europea que constitúe unha ambiciosa iniciativa da Comisión Europea que trata de contribuír a establecer as condicións que permitan aumentar o grao de cohesión social das sociedades latinoamericanas mediante a mellora da capacidade dos responsables da ideación, aprobación e xestión das políticas públicas. O Proxecto, no ámbito fiscal, é executado por un consorcio internacional de 10 institucións, liderado polo Instituto de Estudos Fiscais.

Relacións bilaterais

A) Países da Unión Europea

1. Cooperación España-Francia:

Por unha parte, estableceuse un marco de colaboración permanente con Francia e, resultado do mesmo, producíronse ao longo do ano diversos encontros con funcionarios da Administración francesa, entre eles, a primeira reunión do Comité de Pilotaxe do Acordo Transfronteirizo de Intercambio Directo de Información.

Por outra parte, ao igual que o pasado ano e como unha vía de reforzar a colaboración entre a Dirección Xeral de Impostos francesa e a Axencia, realizouse o intercambio de funcionarios de cada país, pertencentes a cadros superiores en postos técnicos con alta responsabilidade co fin de compartir coñecementos técnicos e experiencias. Os devanditos intercambios tiveron unha duración de seis meses para os dous funcionarios españois e dun ano para o funcionario francés.

2. Cooperación España-Portugal

No marco do Acordo de Asistencia Administrativa Mutua entre España e Portugal, asinado en setembro de 2004, tivo lugar no mes de xuño un encontro entre funcionarios dos Departamentos de Aduanas e Impostos Especiais de ambos os dous países.

B) Países de América

Nestes anos conseguíuse reforzar as relacións con Canadá e, en 2005, un funcionario da Axencia Tributaria desprazouse durante catro meses ás



oficinas da Administración Canadense en Otawa, no marco dun programa de intercambio de funcionarios.

A relación con países latinoamericanos tivo o seu maior reflexo nas accións formativas e de cooperación técnica xa descritas.

C) Resto do mundo

Finalmente, abríronse canles de relación bilateral con Marrocos, Kuwait, Nixeria, China, etc., países dos que se recibiron diversas delegacións.

Nesta área, cabe sinalar o Convenio de cooperación Hispano-Marroquino asinado polo Departamento de Aduanas e Impostos Especiais, con diversas accións desenvolvidas tanto en España como en Marrocos ao longo de 2005.

7.3.2. Accións formativas

A Axencia continuou coas súas accións formativas orientadas a funcionarios estranxeiros, fundamentalmente de países latinoamericanos.

O Instituto de Estudos Fiscais e a Axencia organizan anualmente dous cursos en España xa tradicionais: o Curso sobre Institucións e Técnicas Tributarias e o Curso Iberoamericano sobre Técnicas Aduaneiras Internacionais aos que asisten uns 45 funcionarios das Administracións tributarias e aduaneiras latinoamericanas. Do 6 de xuño ao 1 de xullo de 2005 realizáronse a XXV e XXVII edición respectivamente.

No marco do proxecto sobre “Estudo de Casos Relevantes e Actuais en Política Fiscal e Administración Tributaria e Aduaneira”, que desenvolve a Axencia en colaboración co BID, preténdese fomentar a posta en común de prácticas cuxa trascendencia ou interese as faga representativas. O proxecto conta co financiamento do BID e, durante 2005 realizáronse tres encontros: sobre “Inspección Aduaneira”, “Tratamento fiscal das PEMES” e “Estratexia das Administracións Tributarias: Os plans integrais para a prevención e corrección da fraude fiscal”.

Así mesmo, en colaboración directa coa

Axencia Española de Cooperación Internacional, realizáronse outros tres seminarios en Iberoamérica sobre “Métodos de traballo de apoio ao control tributario”, “Instrumentos de coordinación e cooperación tributaria nun mercado único” e “Política de Recursos Humanos das Administracións Tributarias Centroamericanas”.

Mestría Internacional en Administración Tributaria e Facenda Pública (AEAT-IEF-AECI-UNED-CIAT Banco Mundial)

Durante 2005 continuouse coa segunda edición da Mestría (2004-2005) que, con soporte en Internet, utiliza o Campus Virtual do Instituto de Estudos Fiscais, coa participación de 31 alumnos de 12 países latinoamericanos.

En outubro, iniciouse a terceira edición da Mestría que conta cun total de trinta alumnos, dos que vintecinco son funcionarios de distintas administracións tributarias iberoamericanas.

Tamén durante 2005 se creou a Rede de Antigos Alumnos da Mestría.

7.3.3. Intercambio de experiencias con outras Administracións

Visitas Recibidas:

No ano 2005 atendéronse polos distintos Departamentos e Delegacións Especiais da Axencia Tributaria, 56 visitas de delegacións estranxeiras de organismos internacionais e de distintos países (europeos, americanos, asiáticos e africanos), interesadas en coñecer o funcionamento da Axencia e trasladar ao seu ámbito a nosa experiencia.

VISITAS DE DELEGACIÓNS ESTRANXEIRAS

ÁREAS	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	TOTAL
IBEROAMÉRICA	8	5	5	14	12	15	17	13	89
EUROPA	4	8	10	12	18	21	33	34	140
OUTRAS ÁREAS XEOGRÁFICAS	1	1	6	3	2	9	9	9	40
SUBTOTAL	13	14	21	29	32	45	59	56	269

7.3.4. Presenza da Axencia Tributaria en organismos e encontros internacionais

A Axencia Tributaria foi aceptada como membro da Organización Intraeuropea de Administracións Tributarias (IOTA) na Asemblea Xeral de 2005, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2006. Refórzase así a colaboración que xa estaba realizando como institución asociada.

Así mesmo, a Axencia continúa a súa colaboración con outras organizacións; cabe destacar as seguintes:

- Conferencia Global sobre IVE, organizada polo International Tax Dialogue (Italia, 15 e 16 de marzo).
- 72ª Reunión de Directores de Aduanas da UE e Turquía (Chipre, 12 e 13 de maio).
- OCDE: Segunda Reunión do Foro de Administracións Tributarias (FTA) Irlanda, 1e 2 de xuño).
- IOTA: 9ª Asemblea Xeral (Polonia, do 20 ao 22 de xuño).
- CIAT: 39ª Asemblea Xeral (Arxentina, do 18 ao 21 de abril) e Conferencia Técnica (Colombia, do 26 ao 29 de Setembro).
- Reunión de Directores Xerais das Administracións Tributarias da UE (Italia, 9 de setembro).
- XXVI Reunión de Directores Nacionais de Aduanas de América Latina, España e Portugal (Chile, do 24 ao 27 de outubro).



8. Planificación das actuacións

Dende a súa creación en 1992, a Axencia Tributaria concedeu grande importancia aos labores de planificación, ao seren unha peza esencial do seu modelo organizativo.

En 1997 créase, ademais, un departamento con funcións específicas de planificación: o Departamento de Organización, Planificación e Relacións Institucionais.

Conforme ás directrices contidas no Plan de Prevención da Fraude Fiscal, en 2005 modificouse a estrutura dos instrumentos de planificación, de maneira que se desenvolve en tres documentos a planificación anual de obxectivos a Axencia Tributaria, que son, o "Plan de Obxectivos das Delegacións Especiais e Oficinas Nacionais", o documento "Compromisos dos Servizos Centrais" e el "Plan Xeral de Control Tributario".

8.1. Plan de Prevención da Fraude Fiscal

O Plan de Prevención da Fraude Fiscal (en adiante PPF) pretende aumentar a eficacia e a eficiencia na loita contra a fraude fiscal, para o que establecen novas liñas estratéxicas de actuación a desenvolver polo conxunto da organización e reorienta os métodos e procedementos de control tributario, de acordo coa realidade económica cambiante e as novas modalidades de fraude. Este Plan ten un carácter eminentemente operativo e comprende tamén medidas de tipo organizativo, normativo e procedemental.

8.2. Planificación e programación de actuacións para 2005

8.2.1. Plan de Obxectivos 2005

O Plan de Obxectivos para as Delegacións Especiais e as Oficinas Nacionais establece os resultados que cómpre atinxir cada ano e as actuacións prioritarias que se deben realizar para lograr eses resultados, na dobre vertente de asistencia ao contribuínte e loita contra a fraude.

En 2005, o Plan de Obxectivos presenta unha **nova estrutura**, na que se distinguen dous apartados:

Resultados. Exprésanse en unidades monetarias os resultados clave que se deben atinxir no exercicio, definíndose os seguintes:

- **Recadación bruta e líquida dos ingresos tributarios previstos nos Orzamentos Xerais do Estado para 2005.** Expresan a previsión de ingresos en termos brutos e líquidos (diferenza entre os ingresos brutos e as devolucións realizadas) medindo, en consecuencia, os efectos directos e indirectos (efecto inducido) das actuacións de control e asistencia levadas a cabo pola Axencia Tributaria.
- **Efecto recadatorio directo.** Para reforzar o control do cumprimento das obrigas tributarias, favorecer o cobro das débedas e sancións liquidadas pola axencia Tributaria e establecer indicadores que impulsen a coordinación entre áreas, establécese un indicador que recolle os resultados monetarios directos das actuacións de control (ingresos derivados das actuacións de control da Axencia Tributaria e importe da minoración das devolucións solicitadas).

Actuacións. Recóllense as tarefas que se han de levar a cabo para atinxir os resultados previstos e cumprir as funcións encomendadas á Axencia: asistencia ao contribuínte e control do cumprimento tributario.

- **Actuacións de asistencia ao contribuínte.** O Plan de Obxectivos 2005 destaca unha serie de obxectivos respecto dos que existen marxes substanciais de mellora.
- **Actuacións de loita contra fraude.** De acordo co previsto no Plan Xeral de Control Tributario, establécense indicadores representativos do conxunto de actuacións de control que se realizan polas distintas áreas e oficinas. Distínguense os seguintes tipos de actuacións, clasificados en función da natureza do control a realizar.
 - o **Actuacións de control selectivo e de investigación.** Agrupa as actuacións inspectoras sobre tributos internos e aduaneiros, así como as actuacións da área operativa de Aduanas e Impostos Especiais relativas á loita contra o contrabando, branqueo de capitais e colaboración en misións de investigación.
 - o **Actuacións de control extensivo.** Comprenden o control xestor no ámbito dos tributos internos e aduaneiros e o

realizado a contribuíntes incluídos no sistema de tributación por módulos.

- o **Actuacións de xestión recadatoria.** Conducentes ao cobro das débedas e sancións tributarias e das demais débedas cuxa xestión ten asumida a Axencia en virtude de lei ou convenio.

Dada a importancia económica e transcendencia social das actuacións de control tributario sobre o **sector inmobiliario** e as **tramas de fraude organizada**, asígnanselle obxectivos específicos e independentes.

Como os indicadores de cada obxectivo agregan actuacións de diversa natureza e complexidade – non ten a mesma dificultade e transcendencia o envío dun requirimento de información que unha actuación inspectora sobre unha grande empresa- realizouse un proceso de homoxeneización das actuacións (concédese un maior valor a aquelas actuacións de maior dificultade). Por iso, os obxectivos sobre actuacións exprésanse en termos de actuacións homoxéneas. Ademais, para a súa valoración a efectos de obxectivos as actuacións realizadas pondéranse en función dos resultados obtidos.

Os resultados obtidos na execución do Plan de Obxectivos para 2005 foron superiores ás previsións fixadas para ese exercicio na totalidade dos indicadores de primeiro nivel, tal e como se reflicte a continuación:

PLAN DE OBXECTIVOS DA AXENCIA TRIBUTARIA PARA O ANO 2005

OBXECTIVO	REFERENCIA REALIZADO		% CUMPRIMENTO
I. RESULTADOS*			
1. Recadación bruta	175.477,00	183.312,70	104,47
2. Recadación líquida	141.793,00	150.789,26	106,34
3. EFECTO RECADATORIO DIRECTO	4.229,75	4.583,19	108,36
II. ACTUACIÓNS			
II.1. ASISTENCIA AO CONTRIBUÍNTE			
4.1. Tempo medio tramitación recursos e reclamacións (días)	45	42	107,14
4.2. Presentación de declaracións por vía electrónica, infor. e telemática (%)	19	23,42	123,26
4.3. Certificados evitados por cesión de información a outras AA PP (núm. de certificados)	5.575.000	6.079.967	109,06
II.2. ACTUACIÓNS DE LOITA CONTRA A FRAUDE			
ACTUACIÓNS CONTROL SELECTIVO E INVESTIGACIÓN**			
5. Act. inspectoras sobre tributos internos	117.442	118.476	100,88
6. Actuacións de Inspección de Aduanas e II.EE.	9.335	9.625	103,11
7. Act. inspectoras sobre sector inmobiliario	18.000	24.406	135,59
8. Act. sobre tramas de fraude e facturas falsas	12.558	20.904	166,46
9. Actuacións de vixilancia aduaneira e fiscal	45.766	69.416	151,68
ACTUACIÓNS DE CONTROL EXTENSIVO**			
10. Act. control extensivo tributos internos e módulos	3.208.430	3.785.478	117,99
11. Act. control extensivo sobre grandes empresas	102.047	112.961	110,7
12. Act. control xestión aduaneira, xestión e intervención de II EE	1.672.112	2.015.869	120,56
ACTUACIÓNS DE XESTIÓN RECADATORIA			
13. Xestión recadatoria de débeda	7.253,17	9.670,65	133,33

**Importes en millóns de euros. Estas cifras están axustadas de forma que a recadación líquida non inclúe os ingresos procedentes das CCAA (Comunidades Autónomas), Seguridade Social, Facendas Forais e da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira.*

***As actuacións de control mídense en actuacións homoxéneas.*

8.2.2. Plan Xeral de Control Tributario 2005

O Plan Xeral de Control Tributario, de carácter reservado, detalla as actuacións que se realizarán anualmente por cada unha das áreas que teñen encomendadas funcións de control tributario e aduaneiro, con desagregación territorial e por programas de actuación.

No BOE de 8 de febreiro de 2005 publicáronse as Directrices Xerais do Plan Xeral de Control Tributario, aprobadas por Resolución do Director Xeral da Axencia Tributaria do 21 de xaneiro. As Directrices Xerais expresan as liñas principais que ha de seguir o control tributario e establecen as áreas de riscos fiscal e aduaneiro nas que se van concentrar os esforzos da loita contra a fraude.

O Plan estrutúrase en tres grandes apartados: Directrices Xerais; Plans

Parciais de Control Tributario, correspondentes ás áreas de Inspección Financeira e Tributaria, Aduanas e Impostos Especiais, Xestión Tributaria e Recadación; e Normas de Integración entre Plans, que conteñen as regras e procedementos que ordenan as actuacións que se deben executar de modo coordinado entre as áreas. Ademais, dedícase un apartado ás actuacións de control en materia de tributos cedidos.

8.2.3. Compromisos dos Servizos centrais para 2005

Os Compromisos dos Servizos centrais recollen os obxectivos dos Departamentos e Servizos da Axencia Tributaria cos diferentes membros da organización (tanto centrais como territoriais), con outras Administracións e institucións e cos propios cidadáns.



